

Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SILLEDA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA (Expte. 482/2023)

O Pleno de SILLEDA, en sesión celebrada o día 30 de Marzo de 2023, acordou a aprobación inicial do “ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA”, que estivo exposta ao público mediante anuncio publicado no BOP n.º 71 do 13 de abril de 2023, sen que se formularon reclamacións durante o mesmo, polo que se eleva a definitiva a súa aprobación, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NOS VIVEIROS DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA

Primeiro.- Fundamento xurídico

De conformidade co establecido nos artigos 41 a 47 e 148 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este prezo público esixirase pola prestación de servizos no Viveiro de empresas do Concello de Silleda, cuxo detalle se contén neste acordo regulador.

Segundo.- Obxecto

Este prezo público esixirase polos servizos que se prestan no Viveiro de empresas do Concello de Silleda.

Terceiro.- Tarifas

A estrutura de tarifas deste prezo público detállanse no anexo I.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

Cuarto.- Obrigadas ao pago

Quedan obrigadas ao pago deste prezo público as persoas físicas e xurídicas e as entidades que utilicen ou aproveiten os servizos que se prestan no Viveiro de empresas do Concello de Silleda.

Quinto.- Nacemento da obriga de pago

A obriga de pago deste prezo público nace:

- Coa sinatura do documento de cesión de espazos.
- Ao principio de cada trimestre natural.

Sexto.- Normas de xestión

As normas de xestión deste prezo público serán as seguintes:

- Pagaranse por períodos que coincidirán cos trimestres naturais. O primeiro pago se prorrateará por meses atendendo aos meses pendentes no trimestre correspondente, incluíndo o mes de alta.
- O pago farase ao inicio de cada trimestre natural. O primeiro pago se realizará nos cinco días seguintes ao da sinatura do acordo de cesión de espazos.
- O primeiro pago se realizará mediante transferencia, na conta indicada no acordo de cesión. Os seguintes se realizarán por domiciliación bancaria.

Sétimo.- Entrada en vigor

O acordo regulador do prezo público Viveiro de empresas do Concello de Silleda publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación

ANEXO I. TARIFAS

As tarifas deste prezo público presentan a seguinte estrutura:

<i>Oficina</i>	<i>PREZO MENSUAL</i>
Oficina 1	50,00 €
Oficina 2	50,00 €
Oficina 3	50,00 €
Oficina 4	68,00 €
Oficina 5	32,00 €
	250,00 €

Silleda, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

